

Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Subvencións e axudas

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS. ANO 2023

*BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS
DO CONCELLO DO GROVE. ANO 2023*

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de subvencións aos clubs deportivos deste Concello para sufragar parte dos gastos que lles ocasione a promoción de actividades deportivas de interese municipal, fundamentalmente aquelas que apoiem o deporte de base.

SEGUNDA. IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS

A contía global das subvencións será acordada anualmente pola Xunta de Goberno con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento municipal neste ano 2023, e non poderá superar a contía global de 90.000€. Este importe será repartido entre os clubs solicitantes segundo os criterios que se establecen na base oitava, sen que a concesión implique para o beneficiario dereito ningún en anos posteriores.

Os clubs que non acaden un mínimo de 30 licenzas tamén poderán optar á axuda. Para estes resérvanse 7.000 euros da mesma aplicación orzamentaria.

TERCEIRA. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas axudas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que sexan asociacións ou entidades deportivas validamente constituídas sen ánimo de lucro e teñan o seu domicilio social no Concello do Grove.
- Que as asociacións ou entidades deportivas realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 30 deportistas federados dos que un mínimo do 50% deben pertencer ás categorías base (entendéndose por base: de benxamín a xuvenil). Non computan aquí as licenzas escola.
- Excepcionalmente, para o caso de que un club non cumpra os requisitos do apartado anterior e sempre que si contara con elas os 5 anos anteriores, permitirase que opte á solicitude desta subvención municipal.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

- Que as asociacións ou entidades deportivas se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) do Concello do Grove cun mínimo de 3 anos de antigüidade.
- Que os clubs lles permitan o desenvolvemento da súa actividade aos fillos/as de socios/as e non socios/as.
- Que un club non poderá cobrar a cada deportista máis de 20 € mensuais.
- Que desenvolvan a súa actividade, como mínimo, 11 meses ao ano, con horarios de adestramentos fixos e semanais.
- Que participen en competición federada (podendo ser unha federación oficial ou asociación independente que exerza estas funcións por carecer esta disciplina deportiva de federación oficial), sendo obrigatorio participar, como mínimo, no 50% dos eventos deportivos federados que oferte a federación (ou asociación) en cuestión.
- A subvención concedida nunca poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

Non poderán ser destinatarios de subvención as sociedades anónimas deportivas ou outras asociacións, clubs ou entidades con ánimo de lucro.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2022/2023, dende o 1 de xullo do 2022 ao 30 de xuño do 2023 para os deportes de tempada escolar e, se a actividade deportiva se desenvolve en ano natural, corresponderá ao ano 2023.

1) Documentación xustificativa dos requisitos de carácter xeral:

1. Folla de solicitude: Anexo I
2. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e autorizar ao Concello para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo e achegar os documentos que correspondan.

2) Documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención:

1. Certificación da federación correspondente, de que o club ou entidade se atopa federado na tempada sinalada anteriormente, realizando actividades organizadas pola Federación correspondente e no que se faga constar:
 - As licenzas federativas (número total de deportistas de cada categoría, establecidas pola súa federación), desagregado en licenzas femininas e masculinas que realicen competición oficial.
 - Adestradores/as titulados con licenza na devandita tempada. (para que as licenzas dos adestradores/as sexan válidas deberán acompañarse das súas titulacións pertinentes).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XTPNIEU5YJ1G425J



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

- Liga na que xoga cada equipo.
 - Outros resultados individuais en campionatos do máximo nivel (Europa e mundiais).
2. Memoria deportiva asinada polo/a presidente/a do club onde se describirán as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, cantidade de socios, así como os resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas. Memoria de actividades da escola deportiva. Esta poderá estar incluída dentro da memoria deportiva, pero nun apartado específico.
 3. Orzamento de gastos e ingresos da tempada a subvencionar. Debe facerse unha estimación dos gastos subvencionables por esta convocatoria. Ademais, respecto a este punto, o club terá que ter en conta facer unha estimación o máis axustada posible á realidade, xa que terá a obriga de xustificar o 100% dos gastos efectivamente realizados; no caso contrario, aboaráselle soamente a parte proporcional da subvención.

Os eventos, que son obxecto dunha subvención específica deste Concello non se terán en conta e por tanto non se incluírán no orzamento.
 4. Anexo II: Declaración responsable.
 5. Calquera outra documentación que crean que deba ser tomada en consideración.

A comisión de valoración poderá solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.

QUINTA. LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.º As solicitudes acompañadas da documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica do Concello do Grove (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica do Concello do Grove admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve e certificados electrónicos (incluídos o DNIE).

2.º O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación no BOP destas bases.

Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello do Grove. Un PDF por cada documento:

1. Folla de solicitude: Anexo I.
2. Certificados de estar ao corrente coas distintas administración públicas, no caso de que non autoricen a consulta por parte do Concello do Grove.
3. Certificacións da federación (fichas, adestradores, campionatos...) e títulos adestradores.
4. Memoria deportiva.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

5. Orzamento de gastos e ingresos.
6. Declaración responsable: Anexo II.
7. Calquera outra documentación que crean que deba ser tomada en consideración.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será motivo de requirimento para a súa presentación de conformidade co indicado no parágrafo anterior.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos federativos, entendendo como tales os gastos necesarios para a participación das entidades nas competicións deportivas, licenzas, inscricións en competición oficiais, mutualidades, seguros deportivos e outros seguros contratados relacionados coa actividade subvencionada, gastos de arbitraje e xuíces deportivos, etc.
- Gastos de vestimenta deportiva do club ou entidade e gastos relacionados co material deportivo non inventariable, agasallos e trofeos.
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións así como os gastos de aloxamento e manutención.
- Gastos de reparación e mantemento de material e vehículos do club.
- Produtos básicos de farmacia/botica de primeiros auxilios.
- Gastos de ambulancias ou servizos sanitarios.
- Gastos relacionados co alugamento de instalacións deportivas (luz, auga, gas...).
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluídos as retribucións brutas e a cota empresarial da Seguridade Social.
- Gastos relacionados coa publicidade e xestión administrativa da competición (teléfono, imprenta e material administrativo).

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso serán subvencionables:

1. Intereses debedores das contas bancarias.
2. Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
3. Os gastos de procedementos xudiciais.

Así mesmo non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recolleitos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado nesta convocatoria.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

SÉTIMA. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

A comisión avaliadora revisará os expedientes de solicitude e verificará que teñan a documentación esixida. Se a documentación está incompleta, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os erros detectados, facéndolle saber que no caso de incumprimento a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.

OITAVA. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES

Para a concesión das axudas constituirase unha comisión avaliadora da que formará parte o concelleiro delegado de Deportes. A Xunta de Goberno Local, con base na documentación achegada polos clubs, e tras a proposta da Comisión de Avaliación, acordará o reparto das subvencións no presente ano, segundo as normas que se detallan a continuación.

O reparto de puntos para os deportes de pelota realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo categoría e ao número de fichas federadas dentro de cada categoría. Para os deportes atléticos e de navegación, o valor de puntuación corresponderá unicamente ás licenzas.

Criterios para a puntuación e cálculo das subvencións.

1. Deportes de pelota.

Os deportes de pelota puntúanse segundo a súa categoría e zona onde compitan consonte o baremo seguinte:

| CATEGORÍA | ZONAL | | | PROVINCIAL | | | AUTONÓMICO | | |
|-----------|----------|------------|---------|------------|------------|---------|------------|------------|---------|
| | DE 3 A 9 | DE 10 A 15 | + DE 15 | DE 3 A 9 | DE 10 A 15 | + DE 15 | DE 3 A 9 | DE 10 A 15 | + DE 15 |
| BENXAMÍN | 5 | 8 | 10 | 7 | 10 | 12 | 8 | 11 | 13 |
| ALEVÍN | 5 | 8 | 10 | 7 | 10 | 12 | 8 | 11 | 13 |
| INFANTIL | 10 | 14 | 18 | 12 | 16 | 20 | 14 | 18 | 22 |
| CADETE | 10 | 14 | 18 | 12 | 16 | 20 | 14 | 18 | 22 |
| XUVENIL | 10 | 14 | 18 | 12 | 16 | 20 | 14 | 18 | 22 |
| SÉNIOR | 8 | 12 | 16 | 10 | 14 | 18 | 12 | 16 | 20 |

As fichas puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co baremo seguinte para a categoría masculina, e cun 10% a maiores para a categoría feminina:

| COMPETICIÓN | ZONAL | PROVINCIAL | AUTONÓMICO |
|------------------|-------|------------|------------|
| CATEGORÍA EQUIPO | | | |
| BENXAMÍN | 0,6 | 0,7 | 0,8 |
| ALEVÍN | 0,6 | 0,7 | 0,8 |
| INFANTIL | 0,8 | 1 | 1,2 |
| CADETE | 0,8 | 1 | 1,2 |
| XUVENIL | 0,8 | 1 | 1,2 |
| SÉNIOR | 0,6 | 0,7 | 0,8 |

2. Os deportes atléticos e de navegación.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

Entendendo como deportes atléticos: o atletismo, a ximnasia, o ciclismo..., e deportes de navegación: de vela, o remo e o piragüismo.

Deportes como a ximnasia, atletismo, piragüismo, remo, ciclismo ou outros similares, o valor da puntuación corresponderá unicamente ás licenzas.

| DEPORTE INDIVIDUAL | |
|--------------------|--------------|
| CATEGORÍA | PUNTOS/FICHA |
| BENXAMÍN | 2 |
| ALEVÍN | 2 |
| INFANTIL | 3 |
| CADETE | 3 |
| XUVENIL | 3 |
| SÉNIOR | 2 |

As licenzas femininas terán un 10% de valor engadido para promover a práctica deportiva entre as mulleres da nosa vila.

- Os adestradores titulados con licenza en vigor expedida pola federación correspondente valoraranse seguindo a táboa, puntuando só a titulación máis alta de cada adestrador, é obrigatorio entregar unha copia da titulación.

| CATEGORÍA | PUNTUACIÓN |
|---|------------|
| Monitor/a | 1 |
| Adestrador/a nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico/a deportivo/a en actividade física | 2 |
| Adestrador/a nacional | 3 |
| Licenciado/a-Graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte | 3 |

**Hai federacións deportivas onde non se convocan cursos de formación de monitores/as nin adestradores/as desde hai moitos anos, polo que lles imposibilita a estes clubs teren adestradores/as formados/as. A estes clubs poderáselles recoñecer a súa experiencia e valoralos como monitores/as só ata o momento en que a federación correspondente convoque un curso oficial.*

- Pola participación en campionatos do máximo nivel (de Europa e mundiais) de carácter oficial e ámbito federativo na tempada subvencionable.
 - Participación en campionatos do Mundo de 3 ou máis deportistas:18 puntos
 - Participación en campionatos do Mundo de 1 ou 2 deportistas:15 puntos
 - Participación en campionatos de Europa de 3 ou máis deportistas:15 puntos
 - Participación en campionatos de Europa de 1 ou 2 deportistas:10 puntos

Unha vez puntuados todos os equipos, adestradores/as titulados/as e participacións en campionatos internacionais, sumaranse todos os puntos obtidos polos clubs.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

O importe destinado a esta subvención repartirase, proporcionalmente, segundo os puntos obtidos por cada club.

NOVENA. NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA)

Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos clubs deportivos a través da Sede Electrónica.

Serán subvencionables aqueles gastos do período comprendido entre o 1 de xullo do 2022 e o 30 de xuño do 2023 e para os deportes de tempada escolar e do 1 de decembro do 2022 ao 30 de novembro do 2023 para os deportes de ano natural. Non se aceptarán facturas que xa foran tidas en conta ou subvencionadas na convocatoria do ano 2022.

Para xustificar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo III: Conta xustificativa, na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.
2. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e autorizar ao Concello para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo e achegar os documentos que correspondan.
3. Anexo IV: Relación de facturas
 - Facturas oficiais e que cumpran os requisitos legais, expedidas a nome do club, onde conste a subministración ou servizo prestado polo/a provedor/a. Deben ter relación directa coas actividades subvencionadas. Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 500,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura).
 - Nóminas de salarios e RNT e RLT (antigos TC1 e TC2) da Seguridade Social do persoal contratado polo club (adestradores/as de base).
 - Certificado da federación onde consten as cotas pagadas á mesma durante a tempada subvencionable (fichas, arbitrxes, taxas, etc).

En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideren gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O Concello do Grove queda facultado, para solicitar a documentación orixinal daqueles documentos que non se presuman auténticos. No caso de detectarse falsidade documental, a entidade ou asociación deportiva quedará excluída da convocatoria.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

4. Un PDF coas facturas escanadas do 100% do orzamento presentado, e os seus xustificantes de pago ordenados no mesmo xeito que aparecen no anexo IV e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).
5. Anexo V: Declaración responsable do representante da entidade subvencionada. No caso de que a subvención outorgada polo concello do Grove sumada as obtidas de outras entidades públicas/privadas superen o importe total dos gastos, a subvención se reducira de xeito proporcional.
6. Certificación bancario da existencia de conta a nome da entidade aos efectos do ingreso da subvención.
7. Xustificación da publicidade da financiación municipal da actividade obxecto de subvención mediante algúns dos seguintes medios no que figurará o logotipo do concello do Grove: carteis publicitarios nas competicións, dípticos, anuncios, indumentaria deportiva, vehículos... A xustificación se acreditará documentalmente mediante fotografías.

DÉCIMA. PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 05 de decembro do 2023.

A conta xustificativa con toda a documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentarse a través da sede electrónica do Concello do Grove.

Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello do Grove:

Un PDF para cada anexo.

1. Anexo III: Conta Xustificativa
2. Certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte do Concello do Grove.
3. Anexo IV: Relación de facturas
4. Facturas escanadas e xustificantes de pago ordenados no mesmo xeito que aparecen no anexo IV e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).
5. Anexo V: Declaración responsable.
6. Certificado bancario da entidade.
7. Documentación que acredite a publicidade da subvención.

Os distintos arquivos dos PDF deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á perda da subvención

UNDÉCIMA. TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

A comisión avaliadora revisará e verificará que teñan a documentación esixida. Se a documentación está incompleta, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os erros detectados, facéndolle saber que no caso de incumprimento a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.

A instrución do expediente a realizara a persoa designada polo concelleiro delegado de deportes que emitirá os correspondentes informes ao respecto.

DUODÉCIMA. PAGO

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente á Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento presentado aboarase a totalidade da subvención concedida.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención.

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal.

DÉCIMO TERCEIRA. REINTEGRO DA SUBVENCÍON CONCEDIDA

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases e, nos supostos que estableza a Lexislación aplicable.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de conxestión que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase á normativa xeral:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Concelleiro delegado de deportes.

Francisco Parada Carballa.

O Grove, asinado dixitalmente.



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ANEXO I: FOLLA DE SOLICITUDE

| | |
|--|---------------------|
| Nome do club: | CIF: |
| Enderezo: | Teléfono: |
| Fax: | Correo electrónico: |
| Nome do/a representante: | |
| DNI: | Cargo directivo: |
| Teléfono: | Correo electrónico: |
| Notifíquese a: <input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa representante | |
| Subvención á clubs deportivos: <input type="checkbox"/> Tempada 2022-2023 <input type="checkbox"/> Tempada 2023 | |
| AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS: Autorizo ao Concello do Grove á consulta e/ou solicitude das certificacións das administracións públicas seguintes. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. <ul style="list-style-type: none">• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT <input type="checkbox"/> Non autorizo• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA <input type="checkbox"/> Non autorizo• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa SS <input type="checkbox"/> Non autorizo | |
| Documentación achegada coa solicitude (entregar un PDF por apartado): <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Anexo I: Solicitude.<input type="checkbox"/> Certificado administracións públicas estar ao corrente de pagos<input type="checkbox"/> Certificados federación (fichas, adestradores, etc.).<input type="checkbox"/> Memoria deportiva.<input type="checkbox"/> Orzamento de gastos e ingresos.<input type="checkbox"/> Declaración responsable.(Anexo II)<input type="checkbox"/> Outra información que crea que deba ser tomada en consideración. | |
| _____, ____ de _____ de 20__ Asinado dixitalmente (representante do Club): _____ | |



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOLICITUDE**D/D^a _____con D.N.I. _____ en calidade de representante da entidade
_____ DECLARA:

1º Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder a condición de beneficiaria da subvención do concello do Grove de conformidade co establecido no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, lei xeral de subvencións, nin do artigo 10 da leu 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade social, a CCAA e o concello do Grove.

3º Esta entidade (sinalar o que proceda) solicitou ou recibiu outras subvencións ou axudas por parte de outras entidades públicas ou privadas para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención:

| | |
|-----|--|
| SI | |
| NON | |

En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

| Relación de axudas de entidades públicas/privadas | Solicitude de data | Concesión (indicar si se ha concedido/denegado/pendente | Importe |
|---|--------------------|---|---------|
| | | | |
| | | | |

E para que conste a os efectos da solicitude da subvención suscribo a presente en
_____, ____ de _____ 2023.

Asinado dixitalmente (representante do Club): _____



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ANEXO III: CONTA XUSTIFICATIVA

| | |
|---|---------------------|
| Nome do club: | CIF: |
| Enderezo: | Teléfono: |
| Fax: | Correo electrónico: |
| Nome do/a representante: | |
| DNI: | Cargo directivo: |
| Teléfono: | Correo electrónico: |
| Notifíquese a: <input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa representante | |
| Subvención á clubs deportivos: <input type="checkbox"/> Tempada 2022-2023 <input type="checkbox"/> Tempada 2023 | |
| Subvención concedida polo Concello do Grove: _____ € | |
| AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS: Autorizo ao Concello do Grove á consulta e /ou solicitude das certificacións das administracións públicas seguintes. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. <ul style="list-style-type: none">• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT <input type="checkbox"/> Non autorizo• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA <input type="checkbox"/> Non autorizo• Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa SS <input type="checkbox"/> Non autorizo | |
| Documentación achegada coa conta xustificativa (entregar un PDF por apartado): <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Anexo III: Conta xustificativa.<input type="checkbox"/> Certificado administracións públicas estar ao corrente de pagos<input type="checkbox"/> Anexo IV: Relación de facturas.<input type="checkbox"/> Facturas escanadas e xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que no anexo IV.<input type="checkbox"/> Anexo V: Declaración responsable.<input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria<input type="checkbox"/> Xustificación da publicidade da subvención. | |
| _____, ____ de _____ de 20__ Asinado dixitalmente (representante do Club): _____ | |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XTPNIEU5YJ1G425J

Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ANEXO IV: RELACIÓN DE FACTURAS

Relación de facturas débese seguir a mesma orde na que se presentan:

| Nº | Nº factura | Terceiros | Data emisión | Concepto | Importe | Data xustificante pago | Para xustificación da subvención do Concello (si/no) |
|----|------------|-----------|--------------|----------|---------|------------------------|--|
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

Nota: Cómpre empregar tantas follas como sexan necesarias, mantendo a correlación co número de xustificantes.

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado dixitalmente (representante da entidade)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XTPNIEUYJ1G425J



Xoves, 16 de novembro de 2023

Núm. 221

ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna. _____ con
DNI: _____ como representante do club/entidade
deportiva _____ con CIF _____.

DECLARO:

1. Que os gastos detallados son reais e foron aplicados a actividade subvencionada.
2. Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Grove, ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente na súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, coa Seguridade Social e co Concello do Grove.
5. Que a entidade ou organismo ao que represento non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

En caso afirmativo:

| Relación de axudas de entidades públicas/privadas para a mesma finalidade | Importe |
|---|---------|
| | |
| | |

6. Que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás recibidas por outras entidades públicas/privadas non superou o importe total dos gastos
7. Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa e acepto someterme as normas aplicables e a facilitar a información e documentación, que, no seu caso, sexa requirida polo concello

E para que conste asino esta declaración.

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado dixitalmente (representante da entidade)

